IV. Formación específica para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza de Galicia

O Programa de formación específico para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza pretende dar resposta ás necesidades de formación deste colectivo e contribuír así á súa mellora profesional, cunha oferta diversificada e axustada ás súas demandas reais.

A capacitación e actualización permanente dos empregados públicos redonda nunha maior axilidade e eficacia no funcionamento da Administración, axilidade que resulta especialmente relevante no ámbito da Xustiza, como demanda a sociedade actual.



a	Itinerarios formativos								
	NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
						PRESENCIAL	TELEFOR- MACIÓN		
Civil									
	Módulo I. Execución civil: disposicións xerais	1	50	25		●	I	AP	
	Módulo II. Execución civil: procedemento de constrinximento e trámites posteriores. Especialidades da execución hipotecaria	1	50	25		●	I	AP	
	Módulo III. Procedementos civís: disposicións xerais e modalidades procesuais	1	50	25		●	I	AP	
●	Módulo IV. Xurisdición voluntaria	1	50	20		●	II	AP	
●	Módulo V. Concursal	1	50	20		●	II	AP	
	A custodia compartida nas crises matrimoniais	1	50	17		●	II	AP	
Social									
	Módulo I. Lexislación social I	1	50	25		●	I	AP	
	Módulo II. Lexislación social II	1	50	25		●	I	AP	
	Módulo III. A execución no proceso laboral	1	50	25		●	II	AP	
Contencioso									
	Módulo I. Contencioso I	1	50	25		●	I	AP	
	Módulo II. Contencioso II	1	50	25		●	I	AP	
Penal									
●	Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución	1	50	20		●	II	AP	

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

a								
Itinerarios formativos								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
	Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación	1	50	30		●	I	AP
	Módulo III. Execución penal. Análise das normas de aplicación. Guías de tramitación	1	50	25		●	I	AP
●	Módulo IV. Actividades procesuais dos xulgados de instrución	1	50	30		●	II	AP
●	A prisión provisional como medida cautelar persoal no proceso penal	1	50	30		●	I	AP

b								
Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows)	1	50	30		●	II	AP
	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	1	50	30		●	I	AP
	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	1	50	50		●	II	AP
	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)	1	50	50		●	I	AP
	O uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza (Lei 18/2011)	1	50	25		●	I	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

c Coñecementos transversais								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	Organización de arquivos xudiciais e expurgo	1	50	25		●	II	AP
●	Negociación e traballo en equipo	1	35	25	●	●	I	AP

d Medicina forense								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	A práctica da autopsia en casos especiais: autopsia fetal e neonatal, autopsia de cadáveres en avanzado estado de descomposición, autopsia de risco biolóxico	1	30	12	●		II	AP
●	Presentación dos informes normalizados de clínica e patoloxía forense na aplicación informática Simelga	1	30	12	●		II	AP

e Portal de idiomas								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	Superior de linguaxe xurídica galega (persoal da Comunidade Autónoma)	3	30	75		●	Específica	AP
●	Superior de linguaxe xurídica galega (persoal que presta servizos fóra da Comunidade Autónoma)	2	30	75		●	Específica	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.


(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

f Programa de autoformación: probas de avaliación						
NOVO	TÍTULO		PRAZAS (1)	HORAS (1)	CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
●	Aplicacións informáticas de tratamento de textos	Microsoft Office 2010	50	30	I	EQ
		LibreOffice Writer	50	30	I	EQ
●	Aplicacións informáticas de follas de cálculo	Microsoft Office 2010	50	50	I	EQ
		LibreOffice Calc	50	50	I	EQ
●	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais	Microsoft Office 2010	50	50	I	EQ
		LibreOffice Base	50	50	I	EQ
●	Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información	Microsoft Office 2010	50	30	I	EQ
		LibreOffice Impress	50	30	I	EQ

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

V. Formación específica para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades galegas



As actividades que conforman este programa formativo diríxense a mellorar a capacitación profesional do persoal de Administración e Servizos (PAS) das tres universidades de Galicia, co gallo de contribuír á consecución do modelo de Universidade avanzada e moderna que a sociedade reclama. No deseño do programa -froito da colaboración institucional- atendeuse aos requirimentos específicos destes destinatarios mediante unha oferta formativa transversal impartida nas distintas modalidades docentes, ao fin de contribuír a mellorar a prestación dos servizos que teñen encomendados.

Por segundo ano as actividades dirixidas a este persoal intégranse no Plan de formación da EGAP, desde a vontade de aglutinar nun único documento marco o conxunto de accións estratéxicas para a formación e actualización profesional dos empregados públicos da Comunidade Autónoma.

a Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	A transparencia da Administración e os mecanismos de información	1	50	15		●	II	AP
●	A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia	1	50	20		●	II	AP
●	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	1	50	25		●	II	AP
●	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	1	50	25		●	II	AP
●	Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia	1	50	18		●	I	AP
●	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social	1	50	20		●	I	AP
●	Nocións básicas de contabilidade pública	3	25	20	●		I	AP

b Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
	Xestión de proxectos de I+D+I no horizonte 2020	1	30	20		●	II	AP

c Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
	Negociación e traballo en equipo	1	35	25	●	●	I	AP
●	Protocolo	1	50	20		●	II	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

d	Habilidades pre-directivas								
	NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
						PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
		Perfeccionamento de xefatura de negociado	1	50	80		●	I	AP

e	Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa								
	NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
						PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
		A protección de datos de carácter persoal. Nivel medio	1	50	25		●	I	AP
		Certificado dixital	1	50	30		●	I	AP
●		Introdución ao arquivo electrónico. Expediente electrónico. Ferramentas. Arquivo electrónico de Galicia	1	50	30	●	●	I	AP
●		Seguridade informática básica. Lei orgánica de protección de datos, Esquema nacional de seguridade e aspectos xerais de seguridade	1	50	20		●	I	AP
●		Xestión de documentos dixitais nas administracións. Rexistro electrónico. Dixitalización, identificación e autenticación	1	20	15	●		II	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

f	Programa de autoformación: probas de avaliación				
NOVO	TÍTULO	PRAZAS (1)	HORAS (1)	CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
	Xénero e igualdade nas administracións públicas. A súa evolución normativa	100	25	II	EQ
	A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos	100	25	II	EQ
	Cambio e motivación nas organizacións	100	25	II	EQ
	Iniciación á Administración electrónica. Seguridade da información e protección de datos	100	20	II	EQ
	Responsabilidade patrimonial da Administración pública	100	25	II	EQ
	Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	100	15	II	EQ
●	Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft Office 2010)	100	30	II	EQ
●	Introdución á Unión Europea e ao seu dereito	100	24	II	EQ
●	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social	100	20	II	EQ
●	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	50	25	II	EQ
●	Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público	50	25	II	EQ

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

g Portal de idiomas								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
	Lingua inglesa	1	50	80		●	II	AP
●	Medio de linguaxe administrativa galega	1	30	75		●	Específica	AP
●	Superior de linguaxe administrativa galega	1	30	75		●	Específica	AP

h Plan formativo ofimático de Galicia								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows)	1	50	30		●	I	AP
	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2010)	1	50	30		●	I	AP
	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010)	1	50	50		●	I	AP
	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2010)	1	50	50		●	I	AP

i Bibliotecas								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
	A atención ao usuario na biblioteca híbrida	1	25	12	●		II	AP
●	Propiedade intelectual nas bibliotecas	1	50	45		●	II	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.


(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia



VI. Formación para o persoal da Administración institucional e entes instrumentais do sector público de Galicia

Este programa formativo diríxese especificamente ao persoal que presta os seus servizos na Administración institucional e nas entidades instrumentais do sector público de Galicia enunciadas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). O obxecto do devandito programa é garantir unha formación continua especializada para estes traballadores, que responda satisfactoriamente ás súas necesidades formativas e mellore o exercicio das súas competencias. A tal fin, achégase unha variada oferta docente, que abarca distintos módulos formativos e modalidades de ensino.

Se ben o pasado ano a formación dirixida a este colectivo foi obxecto dunha convocatoria individualizada, nesta ocasión as actividades dirixidas aos ditos destinatarios intégranse de xeito global no Plan de formación da EGAP.



a Réxime xurídico e actividade financeira das administración públicas								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR- MACIÓN		
●	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	1	50	25		●	II	AP
●	Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia	1	50	25		●	II	AP
●	Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	1	50	20		●	I	AP
●	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral	1	50	20		●	II	AP
●	A Administración electoral: o papel das administracións galegas	1	50	15		●	II	AP
●	Nocións básicas de contabilidade pública	1	25	20	●		I	AP
	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	1	50	20		●	I	AP
●	Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público	1	50	25		●	II	AP
●	O impulso democrático en Galicia: medidas lexislativas (3)	1	50	15		●	II	AP
●	Os contratos do sector público	1	25	30	●		II	AP
●	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (3)	2	50	20		●	I	AP
●	A transparencia da Administración e bo goberno (normativa estatal e autonómica) (3)	1	50	25		●	II	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

(3) Esta actividade publicárase na convocatoria destinada ao persoal da Administración autonómica, e estará aberta a este colectivo.

a Réxime xurídico e actividade financeira das administración públicas								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	Ética pública. Os códigos éticos e o código ético da Xunta de Galicia (3)	1	25	12	●		II	AP
●	Nóminas e retribucións do persoal (3)	1	30	20	●		I	AP
●	Novos retos do sector público en materia económica (3)	1	50	15		●	I	AP
●	O control do Goberno e da Administración: especial referencia aos gastos orzamentarios (3)	1	50	15		●	I	AP

b Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	Fondos europeos e procedemento de concesión de subvencións	1	25	24	●		I	AP
●	Adaptación da Administración á Estratexia europea 2020	1	40	30	●		II	AP
●	Introdución á Unión Europea e ao seu dereito	1	50	24		●	I	AP
●	Introdución ao dereito da Unión Europea para os xestores públicos (3)	1	50	30		●	II	AP
●	Ferramentas xurídicas europeas para a mellora da economía (3)	1	25	24	●		II	AP
●	Administración pública e loita contra a discriminación: fundamentos europeos e praxe administrativa (3)	1	25	24	●		I	AP
●	Novas políticas públicas da Unión Europea e a súa aplicación en Galicia (3)	1	25	25	●		II	AP
●	O principio de subsidiariedade no dereito da Unión Europea, o seu control	1	50	15		●	I	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

(3) Esta actividade publicarase na convocatoria destinada ao persoal da Administración autonómica, e estará aberta a este colectivo.

C	Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades								
	NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
						PRESENCIAL	TELEFOR- MACIÓN		
●	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralala	1	50	18		●	I	AP	
●	Negociación e traballo en equipo	1	35	25	●	●	I	AP	
●	Información e atención ao cidadán	1	50	25		●	I	AP	
●	Técnicas elementais de arquivos	1	50	25		●	I	AP	
●	Liderado e intelixencia emocional	1	20	15	●		I	AP	
●	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	1	50	30		●	I	AP	
●	Presentacións de alto impacto	1	12	16	●		I	AP	
●	Manual de estilo do DOG e outras publicacións	1	50	20		●	I	AP	
●	Linguaxe xestual, corporal e oral. Técnicas de comunicación entre o empregado público e a cidadanía (3)	1	25	15	●		II	AP	
●	Desenvolvemento e fomento das habilidades comunicativas na Administración pública (3)	1	25	24	●		II	AP	
●	Comunicación escrita e elaboración de informes (3)	6	25	20	●		II	AP	
●	Uso de ferramentas informáticas para a xestión do tempo (3)	2	20	12	●		I	AP	
●	A Administración pública nos medios de comunicación de masas (3)	1	25	15	●		I	AP	
●	Informática básica (3)	2	20	30	●		I	AP	
●	Actualización gramatical e ortográfica da lingua galega (3)	3	30	30	●		I	AP	
●	Condución segura (3)	2	25	9	●		I	AP	

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

(3) Esta actividade publicarase na convocatoria destinada ao persoal da Administración autonómica, e estará aberta a este colectivo.

d Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos (3)	2	50	25		●	I	AP
●	A protección de datos de carácter persoal. Nivel avanzado (3)	2	50	40		●	I	AP
●	Ferramentas de administración electrónica na Xunta de Galicia (3)	3	50	20		●	I	AP
●	Interpretación de datos estatísticos (3)	1	30	20	●		I	AP
●	Introdución ao arquivo electrónico. Expediente electrónico. Ferramentas. Arquivo electrónico de Galicia (3)	2	50	30	●	●	I	AP
●	Xestión de documentos dixitais nas administracións. Rexistro electrónico. Dixitalización, identificación e autenticación (3)	2	20	15	●		II	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

(3) Esta actividade publicarase na convocatoria destinada ao persoal da Administración autonómica, e estará aberta a este colectivo.

e	Programa de autoformación: probas de avaliación				
NOVO	TÍTULO	PRAZAS (1)	HORAS (1)	CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
	Xénero e igualdade nas administracións públicas. A súa evolución normativa	100	25	II	EQ
	A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos	100	25	II	EQ
●	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	100	15	II	EQ
●	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia	100	20	II	EQ
	Iniciación á administración electrónica. Seguridade da información e protección de datos	100	20	II	EQ
●	Os contratos do sector público	100	20	II	EQ
	Responsabilidade patrimonial da Administración pública	100	25	II	EQ
	As subvencións. Regulación estatal e autonómica	100	40	II	EQ
●	Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia (3)	100	18	Específica	EQ
●	A responsabilidade patrimonial da Xunta de Galicia (3)	100	15	Específica	EQ
●	Básico en prevención de riscos laborais (3)	100	50	Específica	EQ
●	Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos (3)	100	15	Específica	EQ
●	Subvencións e axudas económicas en tempos de crise (3)	100	18	Específica	EQ

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.

(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

(3) Esta actividade publicarase na convocatoria destinada ao persoal da Administración autonómica, e estará aberta a este colectivo.

f								
Portal de idiomas								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	Lingua francesa A1	1	50	150		●	I	AP
●	Lingua inglesa A1	1	50	80		●	II	AP
●	Medio de linguaxe administrativa galega	1	30	75		●	Específica	AP
●	Superior de linguaxe administrativa galega	1	30	75		●	Específica	AP

g								
Plan formativo ofimático de Galicia								
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS (1)	MODALIDADE		CONVOCATORIA	CERTIFICADO (2)
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN		
●	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2010)	1	50	30		●	I	AP
●	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010)	1	50	50		●	I	AP
●	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	1	50	50		●	I	AP
●	Aplicacións informáticas de bases de datos (Microsoft Office 2010)	1	50	50		●	II	AP
●	Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft Office 2010)	1	50	30		●	II	AP

(1) As prazas e as horas corresponden a cada edición.


(2) AP: certificado de aproveitamento, EQ: certificado de equivalencia

(3) Esta actividade publicarase na convocatoria destinada ao persoal da Administración autonómica, e estará aberta a este colectivo.

VII. Interésache saber...

Neste apartado atoparás información sobre diferentes cuestións de interese para o acceso e participación nas actividades formativas da EGAP.

A información contida neste apartado é de carácter xeral, polo que é preciso que teñas en conta tamén os requisitos que se fagan constar nas distintas convocatorias.





¿Como solicitar un curso?

O persoal das distintas administracións que desexe participar nos cursos do Plan de formación da EGAP para o ano 2016 deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.es>).

Para solicitar cursos a través da web, é necesario introducir o NIF e dispoñer dun contrasinal. Se é a primeira vez que os solicita, debe rexistrarse e cumprimentar o formulario de alta cos seus datos (no apartado “Rexistrar unha conta na EGAP para solicitar cursos de formación”).

Se xa dispón dunha conta na Zona de matrícula da EGAP, debe introducir o seu NIF (sen guións, nin puntos, nin espazos) e o contrasinal que vostede indicou no proceso de alta (ou nunha modificación posterior).

No caso de que haxa un prazo de matrícula aberto, no apartado de **“CURSOS DISPONIBLES”** deberá escoller a **área de formación** á que pertence o curso no que se queira matricular, o **nome** da actividade formativa e a **edición**. Finalmente debe premer no botón **“SOLICITAR”**.

Unha vez que se matricule, e durante todo o prazo de matrícula, poderá anular as súas solicitudes e facer outras novas.

¿Cando solicitar un curso?

Para a formación do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma, efectúanse dúas convocatorias ao longo do ano, que se corresponden cos dous semestres, e cada unha delas inclúe actividades correspondentes ao programa de formación en competencias transversais e ao de formación en competencias específicas. Pola súa parte, a formación específica para o persoal ao servizo das entidades locais de Galicia, á destinada ao persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia, a específica para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades galegas, e a formación para o persoal da Administración institucional e entes instrumentais do sector público

de Galicia contan tamén cada unha delas con dúas convocatorias. Cada convocatoria, que será publicada no DOG, establecerá o prazo de presentación das solicitudes.

Ademais das anteriores, poderán efectuarse cantas convocatorias específicas se considere preciso, en función da especificidade da materia de que se trate e da necesidade dun tratamento diferenciado, atendendo, entre outras cuestións, ás particularidades na xestión das solicitudes ou ao elevado nivel de demanda.

¿Quen pode participar no Plan de formación 2016?

Poderán participar nas accións formativas incluídas nos programas de formación en competencias transversais e formación en competencias específicas os empregados públicos destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada un dos cursos. Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario.

No Programa de formación específico para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, poderán participar os empregados públicos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial e médicos forenses da Administración de xustiza en Galicia en situación de servizo activo, permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia

COMPROMISO

2.2

Para favorecer unha óptima difusión e impacto da oferta formativa e garantir a máxima participación dos potenciais destinatarios e destinatarias nas convocatorias de formación dirixidas ao persoal da Administración autonómica, local ou de xustiza, o prazo de presentación de solicitudes de inscrición será, como mínimo, de 10 días naturais desde a publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).


Carta de servizos da EGAP

polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos na correspondente convocatoria. Tamén poderán acceder ás actividades deste programa os membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades formativas do Programa de formación específico para o persoal ao servizo das entidades locais diríxense ao persoal que realiza as súas funcións no ámbito da Administración local e que cumpra os requisitos específicos esixidos na descrición das accións formativas.


No Programa de formación para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades galegas, poderá participar o PAS da Universidade

da Santiago de Compostela (USC), da Universidade da Coruña (UDC) e da Universidade de Vigo (UVigo) que se encontre en situación de servizo activo, permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúna os requisitos establecidos na correspondente convocatoria.



Ao Programa de formación para o persoal que presta servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia e institucións públicas autonómicas poden acceder os empregados públicos que presten servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización

e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e institucións públicas autonómicas, que non poidan acceder ás convocatorias de formación continua e se atopen en situación de servizo activo, permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar, e que reúnan os requisitos que se establezan na respectiva convocatoria.



¿Como se selecciona ás persoas participantes?

En cada convocatoria, estableceranse as limitacións respecto do número máximo de cursos que é posible solicitar, así como, o perfil das persoas destinatarias das actividades promovidas. En termos xerais, os

criterios de selección que rexerán nos cursos e demais actividades que convoque a Escola son os sinalados na Resolución da EGAP do 4 de xaneiro de 2008 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2008) e aplicarase o correspondente baremo para ponderar a formación recibida e antigüidade na Administración para actividades formativas na EGAP (<http://egap.xunta.es/formulariosrecursos>). Poderán aplicarse outros criterios específicos de selección que se establezan na correspondente convocatoria.

¿Como sei se estou admitido nun curso?

A EGAP publicará na súa páxina web (<http://egap.xunta.es>) a relación das persoas seleccionadas para participar en cada actividade formativa, así como a correspondente listaxe de reservas. Ademais, comunicaráselle a súa admisión a través do correo electrónico e dunha mensaxe telefónica, no caso de que facilitara un teléfono móbil de contacto. Neste senso, é imprescindible que os datos de contacto (correo electrónico, teléfono móbil e enderezo postal) se atopen actualizados e sexan correctos, para garantir a correcta recepción das comunicacións emitidas desde a EGAP.

Se unha vez seleccionado non podo asistir ao curso, ¿que debo facer?

O persoal seleccionado só poderá renunciar ao curso por causa de forza maior suficientemente xustificada,

necesidade do servizo ou outras causas xustificadas, sempre que así o acredite documentalmente a persoa responsable da unidade administrativa na que a persoa se atope destinada ou a través dun documento que acredite o feito alegado.

A renuncia debe ser comunicada por escrito, mediante o formulario de renuncia dispoñible na páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.es/formulariosrecursos>), que deberá de ser remitido por correo electrónico cunha antelación de 3 días hábiles con respecto ao inicio do curso, co fin de cubrir a vacante. A renuncia non xustificada, ou se non se acredita documentalmente a causa que a produce, suporá a exclusión da persoa seleccionada nas convocatorias do ano seguinte.

Indicacións sobre a asistencia aos cursos

Unicamente poderá autorizarse a ausencia por causas xustificadas, que se acreditará documentalmente ante o Servizo competente da EGAP ou a persoa responsable do curso.

As faltas de asistencia non poderán superar o 10% das horas lectivas presenciais e, en todo caso, deberán xustificarse documentalmente nun prazo máximo de 10 días. De non facelo, perderase o dereito ao correspondente certificado. Así mesmo, aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50% das horas pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte.

O Programa de autoformación

O catálogo de actividades formativas dispoñibles na modalidade de autoformación amplíase enormemente en 2016, coa incorporación a este formato de contidos diversos relativos ás distintas áreas formativas, cunha oferta completa e diversificada, na que destaca, entre outras cuestións, o elevado número de títulos relativos ao réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas, e a posibilidade do alumnado de acceder aos contidos do Plan formativo ofimático de Galicia.

A ampliación de actividades dispoñibles levouse a cabo tendo en conta cales son os cursos que rexistran un maior número de solicitudes, favorecendo unha maior equidade no acceso a aqueles contidos máis demandados. Co reforzo dos contidos dispoñibles neste espazo virtual de coñecemento, perséguese tamén o obxectivo de posibilitar que cada alumno xestione o seu proceso de aprendizaxe, ao adecualo ao propio ritmo e dispoñibilidade horaria, mellorando así a conciliación dos tempos. Este método pedagóxico, sustentado nas tecnoloxías da información e da comunicación, favorece, polo tanto, a aprendizaxe autónoma, a flexibilidade e a actualización permanente dos coñecementos.

Os alumnos poderán acreditar a súa competencia mediante unha proba voluntaria, que lle dá dereito a obter un certificado de equivalencia. A efectos de valoración de méritos, cada certificado equivale a un certificado de aproveitamento polas horas que se fixan en cada curso. É preciso ter en conta que o acceso aos contidos das actividades do programa de

autoformación non implica a obriga de presentarse ás probas de avaliación, nin tampouco constitúe un requisito para matricularse nelas.



¿Onde pode consultar o plan formativo vixente?

Pode consultar o Plan formativo íntegro no portal da EGAP, no menú “Formación”. Desde o apartado “cursos” do menú despregable, poderá obter toda a información acerca da actividade que sexa do seu interese.

Con independencia da publicación no DOG ou noutros medios que, para cada caso, se consideren oportunos, na páxina web da EGAP, publicaranse as convocatorias e toda a información para participar nas actividades formativas dirixidas ao persoal das distintas administracións.

Avaliación do Plan de formación 2016

As actividades do Plan de formación serán obxecto dunha análise posterior ao seu desenvolvemento, no marco do Sistema Integral de Avaliación da Calidade (SIAC), por medio do cal se fai un seguimento de todas as accións formativas presenciais, de teleformación e autoformación convocadas pola Escola, a partir das valoracións do alumnado e dos docentes e titores. A avaliación dos plan formativos, concibida como un proceso sistemático e permanente de recollida de información, consolidouse nos últimos anos como un dos alicerces nos cales se sustenta o modelo formativo da Escola.

A avaliación do Plan de formación permite mellorar a programación das actividades, adecuar a formación ás necesidades, requirimentos e expectativas dos usuarios, favorecer procesos de aprendizaxe máis efectivos, coñecer os niveis de satisfacción coa formación e co labor docente, mellorar a calidade das actividades e, en último termo, reforzar a transparencia, a rendición de contas e o control de resultados.

Realízase tamén un seguimento do Plan destinado a analizar outros indicadores, como pode ser a demanda rexistrada, isto é, o número de solicitudes para participar en cada actividade con respecto ás prazas dispoñibles, o nivel de superación ou aproveitamento dos cursos, o volume de alumnos que non finalizan as actividades etc. Este seguimento do Plan de formación complementa á avaliación da satisfacción e permite coñecer non só o seu correcto

COMPROMISO

4.1

A EGAP avaliará o 100% das accións formativas que desenvolva anualmente, para o que poñerá á disposición do alumnado os medios para que participe activamente na avaliación da formación, a través dun cuestionario de satisfacción ao remate de cada acción formativa, no que poderá valorar as características e desenvolvemento do curso e expresar calquera suxestión, queixa ou observación que estime oportuna. A EGAP atenderá os resultados destas avaliacións na programación das súas actividades.

Carta de servizos da EGAP

desenvolvemento, senón tamén a adecuación e pertinencia das actividades que o conforman; polo que tamén constitúe unha valiosa fonte de información para a mellora na programación das actividades e a adecuación da formación ás necesidades reais dos usuarios.

¿Como podo participar na avaliación?

Todos os alumnos que participan nas actividades comprendidas no Plan poden participar na súa avaliación, cubrindo, de forma anónima e voluntaria, os cuestionarios que se lles facilitan. Nestes cuestionarios, han de responder a preguntas “pechadas”, destinadas a valorar o cumprimento dos obxectivos, a organización do curso, o material empregado, a metodoloxía etc. e tamén a preguntas



“abertas”, nas que poden expresar calquera valoración, queixa ou suxestión que consideren, así como achegar propostas sobre novos cursos, que contribúen á identificación das necesidades formativas. Os alumnos realizan, así mesmo, unha

avaliación personalizada de cada docente ou titor/a do curso, en función de parámetros obxectivos, e os resultados son tidos en conta para revisar o desempeño da súa actividade.

¿Como podo coñecer os resultados da avaliación?

A EGAP fai públicos os resultados da avaliación das actividades formativas, a través dun informe anual que é publicado na súa páxina web, no que se recollen as valoracións dos distintos axentes que participan na formación -alumnado, docentes, titores-, atendendo ás distintas modalidades de ensino. É posible acceder a estes informes desde <http://egap.xunta.es/calidade>

Así mesmo, as persoas que participan nunha actividade formativa (coordinador, directores, persoal

COMPROMISO 4.5

O alumnado avaliará o persoal docente mediante cuestionarios anónimos e a EGAP terá en conta os resultados desas valoracións para revisar o desempeño daquel profesorado que obteña unha cualificación media inferior a 3, sobre unha escala do 1 ao 5, así como para decidir a posible renovación da súa colaboración docente coa EGAP.

Carta de servizos da EGAP

COMPROMISO 4.2

Responder ás solicitudes do persoal coordinador, directores, persoal docente e alumnado que estean interesados en coñecer os resultados das enquisas de satisfacción das actividades nas que participaron, no prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da solicitude, que se ha de realizar a través do enderezo electrónico investigacion.egap@xunta.es


Carta de servizos da EGAP

docente e alumnado) poden coñecer os resultados da avaliación desa actividade, dirixíndose ao enderezo investigacion.egap@xunta.es e especificando os datos da actividade da que desexen coñecer os resultados da avaliación levada a cabo.

Salientamos...

- Universalización da formación da EGAP, a través dun Plan único, que integra a formación destinada aos distintos colectivos de empregados públicos da Comunidade Autónoma
- A formación para o persoal da Administración institucional e entes instrumentais do sector público de Galicia, un programa formativo específico no marco do Plan da EGAP
- Incorporación, por segundo ano, da formación dirixida ao PAS das tres universidades galegas
- Plan de formación vertebrado nuns obxectivos de mellora e modernización comúns para o persoal das distintas administracións
- Incremento substancial da oferta formativa dirixida aos empregados públicos das distintas administracións
- Aposta decidida polos novos formatos e metodoloxías de ensino, de carácter flexible, para fomentar a conciliación e a formación permanente ao longo da vida
- Diversificación dos contidos e procura dunha aplicación práctica dos coñecementos
- Formación nas materias obxecto de desenvolvemento legislativo recente ou previsto

- Orientación á mellora das administracións, desde un compromiso de transparencia e ética pública
- Reforzo e diversificación dos contidos dirixidos á mellora das competencias clave dos empregados públicos, no marco da sociedade do coñecemento
- Procura da mellora das competencias tecnolóxicas e idiomáticas dos empregados públicos
- Reforzo dos contidos baseados no uso do software libre (LibreOffice)
- Adecuación das actividades de linguas estranxeiras ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL)
- Contidos transversais adecuados aos temarios para a promoción interna do persoal



Suxestións

Desde a EGAP, agradecemoslle que nos faga chegar todas aquelas suxestións que contribúan a mellorar a formación do Plan (aspectos organizativos, tecnolóxicos, loxísticos etc) e a adecuar os servizos da EGAP ás súas expectativas. Lembre que pode

enviar os seus comentarios a través do formulario de contacto da páxina web da EGAP, na ligazón <http://egap.xunta.es/contacta>, ou do enderezo electrónico investigacion.egap@xunta.es



Os criterios para cualificar unha actividade como “nova” son os seguintes: que se trate de contidos que non foran impartidos nos Plans de formación dos anos anteriores, que a actividade en cuestión se imparta nunha modalidade diferente, ^{mod.} ou que se dirixa a un grupo de destinatarios para os que a dita actividade non fora anteriormente convocada; sendo necesario unicamente a concorrencia dun destes tres supostos. A este respecto, os cursos cuxo carácter novidoso se defina atendendo aos contidos aparecerán sinalados cun ^{mod.} e aqueles aos que se lle atribúa tal condición en función da modalidade figurarán cun ^{mod.}

Esta publicación ten carácter meramente informativo e a execución das accións recollidas nela queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e dispoñible e ao que se estableza en cada convocatoria.



Centraliña
981 546 040
Información xeral

**Servizo de Programación
das Actividades de Formación**
981 546 253
programacion.egap@xunta.es

**Servizo de Estudos, Investigación
e Publicacións**
981 597 251
novas.egap@xunta.es

**Servizo de Xestión das Actividades
de Formación e Selección**
981 546 257
xestion.egap@xunta.es

<http://egap.xunta.es>



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA



galego



XUNTA
DE GALICIA